

## Recomendación dirixida ao Concello de Ourense debido aos ruídos e molestias dun local

Expedientes: C.6.Q/12987, 63608 e 63610/16, C.6.Q/67/17, C.6.Q/14925/17 e C.6.Q/14658/17 a C.6.Q/14788/17

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciáronse queixas como consecuencia dos escritos de diferentes persoas referentes aos ruídos e molestias da cafetería Vega 70.

### ANTECEDENTES

1. Nos seus escritos indicánnos que os veciños máis afectados xunto coa asociación de veciños queren seguir denunciando as molestias causadas polo local Vega 70 ocasionadas por ruídos, insalubridade e demais molestias xa coñecidas. Dende hai tempo coñecen queixas polos prexuizos e molestias causados do bar.

2. Ante a resposta do ente local esta institución fixo unha valoración provisional e requirimos informe complementario (sobre o funcionamento do establecemento sen respectar o tipo de licenza que ten; sobre o curso dado aos procedementos sancionadores e doutro tipo polos ruídos e demais infraccións comprobadas polos axentes; sobre as comprobacións relativas á presenza molesta de clientes ás portas do local e as sancións a clientes ou ao promotor por tal causa; sobre as demais medidas adoptadas ou previstas; sobre a garantía dos dereitos fundamentais potencialmente afectados, fundamentalmente o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario; e sobre as demais circunstancias relevantes).

3. Polo exposto de novo requirimos informe ao Concello de Ourense, que nolo remitiu.

No que se refire á terraza o concello sinalaba que a sentenza emanada confirma o resolto, sen prexuízo do que poda resolverse no correspondente recurso. No relativo a posibles infraccións ao abeiro da ordenanza de ruídos e as posibles deficiencias do sonógrafo, están

pendentes de informe dos técnicos, e se trasladaría a esta institución. Porén, despois dun tempo considerable aínda non tñamos esa concreción. Tamén se reclamaba aclaración sobre o axuste do funcionamento do local ao autorizado na súa licenza, que é unha sinxela cafetería. O ente local sinalaba que non constaba que o local desenvolvera unha actividade que non se axuste á licenza concedida. Porén, segundo as denuncias e queixas funciona como un pub, posto que pecha tarde e ten música, o que non se corresponde coa licenza de cafetería. Esa mera comprobación sería suficiente para actuar da forma reclamada polos denunciante, posto que impediría a continuidade do local neses circunstancias. Esta circunstancia non se aclaraba nos dous anteriores informes; polo contrario, se recoñecía que o local conta con aparellos reprodutores do son e mesmo ten un sonógrafo de control, o que non é propio deses locais. Por tanto, non se trataba de que non constaran actas ao respecto, senón de que o concello realizara a actividade necesaria para comprobar o dito e no seu caso levantara as actas e adoptara as medidas correctoras e sancionadoras que se deduzan. Tampouco se aclaraba o ruído provocado polas persoas ás portas do local ou nas súas inmediacións e a aplicación do precepto da ordenanza xa citado.

4. Por todo o exposto de novo dirixímonos ao concello co fin de requirir que con urxencia facilitara aclaración sobre os extremos mencionados. O Concello de Ourense nola remitiu e sinala o seguinte:

“... Desde o Servizo de Urbanismo continúaase a tramitación dos expedientes relativos ás queixas e molestias ocasionadas polo funcionamento do establecemento Vega 70. Irémoslle dando traslado das medidas que os técnicos decidan adoptar.

A Policía Local, atendendo temen as distintas reclamacións veciñais, procede de xeito habitual a realizar comprobacións a efectos de vixilancia, control e denuncia do establecemento e a súa contorna. É necesario ter en conta que xa con anterioridade, e derivado de numerosas intervencións policiais previas se levaron a cabo actuacións en materia de tráfico e seguridade cidadá, control de condutas incívicas e alteración da orde pública e controis en base á normativa vixente. (Achégase copia das actuacións realizadas pola Policía Local).

En relación ao recurso formulado polo titular do establecemento contra a resolución ditada pola Concellería de Comercio para a revogación da licenza de instalación de actividade de terraza con veladores, e do que xa se informou á súa institución con anterioridade, indicar que con data 6 de xullo de 2017 ditouse sentenza polo Xulgado Contencioso núm. 1 de Ourense que foi recorrida polo propietario do Local e a que se opuxo o Concello de Ourense.

O 8 de setembro de 2017 o TSXG admitiu a trámite o recurso de apelación e o día 5 de outubro de 2017 quedou concluído dito recurso pendente de votación e resolución (Achégase copia do escrito cursado polo TSX Galicia).

Indicar que desde o Concello de Ourense continúa a facer un control exhaustivo e unha vixilancia continuada tanto das condicións do local como da actividade que se está a exercer ao obxecto de dar solución á situación xerada”.

### ANÁLISE

1. O concello indica de novo o que xa indicara antes. Basicamente sinálase que segue tramitando os expedientes relativos ás queixas e trasladará as medidas que os técnicos decidan adoptar. Porén, despois de moito tempo dende iso non recibíuse noticia de ningunha desas medidas, que xa estaban tramitándose cando se requiriu a información anterior.

O informe da policía local refírese a actuacións previas á última solicitude de información complementaria, salvo unha, que se refire un incidente ás 6.47 por gritos dun grupo de persoas ás portas do establecemento, sen que se de conta de ningunha actuación -so o control dun condutor, pero nada relacionado cos ruídos, o obxecto da queixa-.

2. Como xa sinalamos en anteriores comunicacións, a penetración nos domicilios de ruídos superiores aos permitidos supón a vulneración do dereito fundamental á preservación da intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario do artigo 18.1 e 2 da Constitución, e tamén doutros dereitos constitucionais (á saúde, do artigo 43, ou á calidade de vida, do artigo 45). Por esa razón afirmamos a necesidade de dar aplicación directa aos dereitos fundamentais afectados. Numerosa xurisprudencia obriga a corrixir os graves prexuízos deste fenómeno e a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos cando se producen prexuízos ou vulneracións de dereitos como os mencionados.

3. O concello deu ordes de servizo para comprobar e corrixir as molestias denunciadas e obxecto das queixas (horarios de peche, tráfico, conducións negligentes ou temerarias, actos vandálicos, condutas incívicas e alteracións da orde público nas inmediacións do local, controis de ruídos e vibracións, da lei antitabaco, veladores, etc.). Comprobáronse irregularidades que se remitiron ao servizo competente (funcionamento coas portas abertas, estacionamento incorrectos e clientes sentados na beirarrúa en cadeiras do local). Ademais comprobouse que o equipo do local difire do autorizado, que o sonógrafo deu valores que superan o máximo no interior (posible infracción leve, art. 38 da ordenanza), que estivo

desconectado (posible falta grave, art. 39 da ordenanza), e que debe instalarse outro sonógrafo que cumpra coa ordenanza.

Porén, non se sinalaba o resultado das actuacións, sobre todos as correccións (sancións) polas condutas infractoras e as medidas necesarias. En especial non se indicaba o curso dos procedementos e o resultado no relativo ao funcionamento coas portas abertas do local, os clientes sentados na beirarrúa en cadeiras do local, a sobrepasar os valores límite, a desconexión do sonógrafo e a instalación doutro.

4. Tampouco se indicaba o resultado das comprobacións en canto ao cumprimento do horario e sobre todo a un dos aspectos fundamentais denunciados e motivo da queixa, o ruído provocado polas persoas ás portas do local ou nas súas inmediacións. Ao respecto a ordenanza de ruídos sinala: a produción de ruídos na vía pública e nos lugares de pública concorrencia (piñeirais, ribeiras, parques, etc.), ou no interior dos edificios, deberá ser mantida dentro dos límites que esixe a convivencia cidadá. Os preceptos desta sección refírense a ruídos producidos por: a) Ton excesivamente alto da voz humana ou á actividade directa de persoas... (art. 9.1 e 2). Queda prohibido... c) Berrar vociferar, cantar (especialmente durante horario nocturno, e si hai equipos de música, consumo de alcohol...) alterando a normal convivencia cidadá, en parques, xardíns, vías e espazos públicos, salvo nos lugares autorizados para iso (art. 10).

Despois da supresión da terraza, a principal preocupación dos reclamantes é que se permita a presenza de persoas que non respectan os “límites que esixe a convivencia cidadá”, tal e como sinala a ordenanza. O fan mediante a “terrazza” encuberta que comprobou o concello, que xa está a ser corrixida, pero tamén mediante a presenza de clientes e outras persoas as que pode resultar preciso aplicar a norma municipal que sinalamos, de tal forma que se impida que continúen os prexuízos denunciados dende hai tempo.

5. Xa nun anterior escrito indicáramos que ao parecer o local é unha sinxela cafetería ou bar, pero segundo as denuncias e queixas funciona como un pub, posto que pecha tarde e ten música, o que non se correspondede con ese tipo de licenza. Esa mera comprobación sería suficiente para actuar da forma reclamada polos denunciados, posto que impediría a continuidade do local neses circunstancias. Esta circunstancia non se aclaraba; polo contrario, se recoñecía que o local conta con aparellos reprodutores do son e mesmo ten un sonógrafo de control, o que non é propio deses locais (catálogo galego; Decreto 292/2004).

A necesidade de control tanto das condicións do local como de posibles infraccións se deduce da natureza das licenzas dos locais, de funcionamento, o que obriga aos concellos a facer unha vixilancia continuada dos establecementos con licenza dese tipo. As actividades precisan a correspondente licenza municipal, mesmo agora que o seu trámite cambiou para

permitir que sexa o promotor o que aporte o teórico cumprimento das normas; é precisamente agora cando mais se necesita un adecuada actuación municipal, posto que en caso contrario o risco para o cidadán é moi grande. A través deste instrumento de control continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade e a evitación das molestias desproporcionadas.

As licenzas deben garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade. Co seu outorgamento non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. E unha das circunstancias que deben vixiarse permanentemente é o axuste do tipo de licenza, de acordo co catálogo vixente (bar, café, pub ...), á actividade real do establecemento. Neste caso existe un desaxuste, posto que o local conta cun tipo de licenza que non permite a actividade que está a desenvolver.

6. O Concello de Ourense segue sen aclarar as actuacións para impedir e corrixir (sancionar) as irregularidades detectadas, en especial o funcionamento do local sen axustarse a licenza de café-bar, as medidas aplicadas despois de constatar irregularidades no local, e as medidas para impedir o ruído nocturno na rúa provocado pola presenza de persoas nas inmediacións do establecemento.

7. As persoas que promoveron a queixa están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. Da información dispoñible dedúcese que o concello non adoptou as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ourense a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se impida e corrixa o funcionamento do local con música amplificada, posto que ten licenza de sinxelo café-bar; que tamén con urxencia se corrixa a contaminación acústica nocturna na vía pública, de competencia municipal; e que con carácter xeral se*

*protexan adecuadamente os dereitos fundamentais e doutra natureza conculcados pola situación pola que se reclama.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo